Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría do Campus de Ferrol
e Responsabilidade Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# 5º Certame Fotográfico Rosalind Franklin: As mulleres na ciencia e na tecnoloxía

ROSALIND FRANKLIN (1920-1958) foi unha biofísica e cristalógrafa inglesa autora de importantes contribucións á comprensión das estruturas do ADN, os virus, o carbón e o grafito. A Franklin recordámola principalmente pola chamada Fotografía 51, a imaxe do ADN obtida mediante difracción de raios X, que serviu como fundamento para a hipótese da estrutura dobre helicoidal do ADN. En 1962 os seus colegas Watson, Crick e Wilkins foron galardoados co Premio Nobel polo seu traballo no descubrimento do ADN. O nome de Rosalind Franklin non se mencionou nin se recoñeceu a súa contribución no devandito avance científico sen precedentes.

Hoxe en día, a pesar dos avances conseguidos, a presenza feminina nos ámbitos científicos e tecnolóxicos segue sendo minoritaria. Entre outros factores, a invisibilización dos logros das mulleres fai que as rapazas non encontren moitos modelos a seguir e non consideren estas carreiras como unha opción profesional. Por medio deste certame a UDC trata de promover a igualdade de xénero por dous mecanismos:

- Visibilizar o traballo que desenvolven as mulleres nos distintos eidos especialmente na ciencia e a tecnoloxía
- Deconstruír na medida do posible os estereotipos de xénero, acerca dos traballos que son propios de mulleres e os que son de homes, e motivar a mulleres e homes a unha elección da súa carreira profesional dun xeito máis libre e vocacional.

Coa elección de Rosalind Franklin para dar nome a este certame, por un lado recordamos a unha muller que desenvolveu un traballo de grande importancia nun campo tradicionalmente masculino, que ademais non lle foi suficientemente recoñecido, e por outra destacamos a importancia dunha imaxe fotográfica para a o avance de ciencia, a tecnoloxía e a sociedade en xeral.

## Orzamento

Para a concesión destes premios destinarase un total de 470 euros con cargo á partida orzamentaria 0900090701-422D-48008

# Bases

## 1. Participantes:

Poderán presentarse ao certame de xeito individual todos os membros da comunidade universitaria da UDC, isto é; PAS, PDI, alumnado dos distintos niveis ( graos, mestrados , doutoramento, títulos non EEES) e persoal contratado.

## 2. Temática:

A temática que se poderá abordar terá unha relación directa coas mulleres e o seu papel na sociedade actual, de xeito que se promova a eliminación de estereotipos (valoraránse especialmente as enfocadas nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía e a innovación) premiándose a creatividade, innovación e impacto da imaxe.

## 3. Requisitos técnicos

As presentacións deben ser en formato JPEG (.jpg ou .jpeg) coa máxima resolución. Permítese a participación de fotografías en branco e negro. Admítense tamén fotomontaxes.

## 4. Premios:

Os premios para as dúas mellores obras consistirán en unha dotación económica de

- 1º Premio270 €
- 2º Premio: 200 €

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se o xurado o estimar conveniente poderá deixar algúns ou todos os premios desertos.

## 5. Dereitos

A Universidade da Coruña, resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e materiais de sensibilización da iniciativa, sempre facendo mención da autora ou autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

Ademais das obras premiadas o xurado poderá escoller un número variable de obras que considere de interese para unha posible exposición virtual na páxina web da universidade. As devanditas obras seleccionadas son propiedade de cada autor/a que só cederán temporalmente os dereitos sobre as imaxes para a exposición que tivese lugar, tralo cal lles serán devoltos.

## 6. Solicitudes

Só se poderá presentar unha solicitude por persoa, achegando como máximo tres fotografías. Cada fotografía deberá levar un breve título e un texto explicativo ( máximo 100 palabras).

Para a inscrición deberase achegar a seguinte documentación:

1. A solicitude debidamente cuberta que se inclúe como Anexo I
2. Fotocopia do DNI

3. CD coas obras presentadas e os textos explicativos (requisito indispensable para acceder ao concurso) . Na carátula do CD deberá incluírse o nome da autora ou autor e os títulos das fotografías.

A UDC resérvase o dereito de poder esixir ás persoas seleccionadas os documentos que estime oportunos para garantir a súa vinculación coa universidade da Coruña.

No caso de que aparezan persoas recoñecibles na fotografía, deberase acompañar dunha carta asinada polas devanditas persoas autorizando o uso da súa imaxe, ou, en caso de que as devanditas persoas recoñecibles sexan menores de idade, unha carta asinada polo pai e a nai ou os titores do menor.

## 7. Prazo e lugar de entrega

A documentación entregarase, dirixida á Oficina para a Igualdade de Xénero, nos rexistros da universidade na Coruña ou Ferrol situados en:

- Rexistro Xeral: Reitoría, A Maestranza, 15001, A Coruña
- Rexistro Auxiliar de Elviña: Casa do Lagar. Campus de Elviña, 15192, A Coruña
- Rexistro Auxiliar de Ferrol. Edificio de Apoio ao Estudo. Campus de Esteiro, 15403, Ferrol

Deberanse **adiantar por correo electrónico** a oficina.igualdade@udc.es **as fotografías** indicando no asunto "Concurso fotografía" e incluíndo no corpo da mensaxe os datos da autora ou autor e os textos explicativos das fotos.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as **14h do lunes 16 de outubro**.

## 8. Xurado

- O xurado estará presidido pola Vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social ou persoa en quen delegue e del formarán parte como vogais dous membros da comunidade universitaria e a Directora da Oficina para a Igualdade de Xénero que actuará como secretaria, con voz pero sen voto.

Os nomes das persoas que se contituen como vogais daranse a coñecer unha vez rematado o prazo de recepción de traballos, en virtude da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideran suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable

A participación no 5º Certame Fotográfico Rosalind Franklin comporta a aceptación expresa de estas bases.

# Anexo I

5º CERTAME FOTOGRÁFICO ROSALIND FRANKLIN: AS MULLERES NA CIENCIA E NA TECNOLOXÍA

Nome: ....................................Apelidos:.......................................................DNI: ..........................

Correo electrónico:....................................................Teléfono de contacto:.................................

Dirección postal:..........................................................................................................................

Grupo ao que pertence: PAS..............PDI..............Alumnado..........Outros......................

Número de fotos que presenta:.......................................

Títulos das fotos

- Foto1:.........................................................
- Foto2:.........................................................
- Foto3:.........................................................

En .....................a ............de.......................de 2017

Asinado:..............................................................

OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.

Edif. De Servizos Administrativos. Campus de Ferrol